

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 24 de marzo de 2020 no Paraninfo da Universidade, Edificio Erenestina Otero, Campus Universitario de Vigo, que poden ser do seu interese:

- \* Validación da acta correspondente á sesión ordinaria do 22 de xaneiro de 2020, e aprobación da acta correspondente á sesión extraordinaria do 27 de febreiro de 2020.
- \* Validación do acto administrativo da convocatoria de eleccións de representantes de estudantes no Claustro Universitario.
- \* Aprobación do límite de prazas de titulacións de grao para o curso 2020/21.
- \* Aprobación do límite de prazas de titulacións de máster para o curso 2020/21.
- \* Aprobación das declaracións de interese de novas titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2021/22.
- \* Aprobación das declaracións de interese de modificacións de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2021/22.
- \* Aprobación da programación docente anual (PDA) de titulacións de grao para o curso 2020/21.
- \* Aprobación da programación docente anual (PDA) de titulacións de máster para o curso 2020/21.
- \* Aprobación das Normas de Elaboración do POD.
- \* Aprobación das Normas para a contratación de profesorado Axudante Doutor.
- \* Aprobación do PCEO do Grao en Administración e Dirección de Empresas e do Grao en Enxeñaría Informática.
- \* Aprobación da autorización excepcional de participacións en tribunais de tese por videoconferencia.
- \* Aprobación das axudas de investigación da Universidade de Vigo para o ano 2020.
- \* Aprobación da proposta de prezos das residencias curso 2020-21.
- \* Aprobación do acordo das Universidades Públicas do Sistema Universitario de Galicia sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao do SUG para o curso 2020-21.

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.